

Amigas e amigos.

Diciálles con ocasión de facer públicos os nomes dos gañadores en lingua galega da presente edición dos Premios Esquío, que en proxectos editoriais coma este están cimentadas as culturas, polo que agradezo máis unha vez esta iniciativa da Sociedade Cultural Valle Inclán, co patrocinio da Caixa de Galicia.

Mais estas iniciativas que enchen espacios necesarios imprescindíbeis no eido da cultura, teñen nome e teñen rostro humano concreto: só froito do amor á poesía, só froito de amor á cultura é posíbel o miragre da colección Esquío.

O meu recoñecemento agradecido a Fernando Bores, timonel deste fermoso pailebote que é a colección; o meu agradecemento tamén para Julia Uceda, agradezo sinceramente porque é na poesía e nos poetas que están cimentados o futuro da cultura dun povo, por ser o poeta quen maxina o futuro, e os que son portadores do lume sagrado do pasado co que ás veces, utilizando palabras de Castelao, teremos que reconstruír o fogar desfeito.

Neste día de ledicia poética apresetolles o libro de Manuel Forcadela, poeta de xa longa traxectoria poética e ensaística, que confirma con *Lámpada e medusa* ao longo de trinta e nove poemas o seu longo alento poético, o dominio da forma máis diversa e unha voz que ven dende o fondo da súa madurez, cunha sonoridade de ecos ás veces fermosamente pondalianos, para nos dar un libro que vai ser, coido eu, central na súa obra.

Manuel Forcadela neste libro *Lámpada e medusa* fai un alto no seu camiño existencial e, como unha inflexión na súa biografía, cuestiona ao poeta, ás poéticas. Poderíamos utilizar a palabra catarse na súa etimoloxía orixinaria.

O poeta, lembrando a mocidade para recuperar un certo xeito de escribir, unha lectura nova das íntimas vivencias, iniciando unha nova e íntima travesía, buscando na lectura dos poetas antigos, pergúntase pola razón de ser do poeta, na busca de signos perdurábeis, cando sexan extinguidas o dizer das nosas bocas o noso canto e quizais poida algún verso sobrevivir por estar cheo de luz e sentido.

Para así aconteza o poeta tense que revelar contra a gramática coa súa matemática de signos para poder extraer do poema o enigma, a melodía que trascende a norma e que só o poeta posúe.

Na busca do seu centro, o poeta busca na memoria a condición de poeta e o que ten de personaxe público prescindíbel, e a busca no fondo máis escuro da conciencia.

Demándanos neste libro Manolo Forcadela crear un novo e libre itinerario para que os soños comecen a voar á busca do símbolo secreto, da cifra imposíbel; apóiase como instrumento poético na experiencia do gozo estético e emocional da música coa que o ser humano parte á busca e encontra o prodixio do gozo coa música, porque foi o ser humano quen de abrir na escuridade un fío de lumínica materia; apóiase nas imaxes do mar como camiño de infinitos viaxes de ida e tamén de volta ao centro do ser do propio poeta.

Ben sei da súa profunda formación musical.

Dispois dun longo camiño andado, o poeta é nómada e é vagamundo, ser errante por outros lugares e países. Entón aparece a dúbida, a pregunta, a reflexión ao fin da viaxe ao lugar máis lonxano, entón aparece a casa como centro, como morada formada polos elementos máis primeiros da arquitectura e os seus materiais máis humildes, descobre o poeta que a casa e o corpo son a mesma cousa e que dispois da longa viaxe todo é retorno á casa, ao corpo, ao centro do propio ser

Imos aprofundando no libro e aparece outra busca, a busca do eu poético, unha nova meditación, unha forma de nova nudez sin defensas contra ningunha das emocións ás que debe ser vulnerabel o poeta. Cun novo eu poético todo é relido de novo, cada elemento que forma a condición do poeta é a materia efémera do poema, a poética mesmo o lector que fai que ao leelo, o poema exista pois en palabras do poeta. Autores e persoas, son mascarar, disfraces.

E conformando todo os mesmos artificios que nos fundan cos mesmos signos e as mesmas palabras que non pervivirán.

O poeta acende o seu canto e descobre o efémero, todo axiña está queimado entre unha maraña de signos da linguaxe, aínda así convoca a non deixar de escribir aínda que sexa para as aves e unha determinada inxenuidade á hora de nos acercar a temas fundacionais do ser.

Son moitas as poéticas que aparecen suliñadas neste libro, moitas as poéticas reivindicadas mais ha algúns versos que nos guían a aquelas máis demandadas e que convocan a se ollar no espello tormentoso da incerteza.

Outras son poéticas por exclusión, nunca lle entregar os soños á conciencia. Se así acontecese o poeta veríase entregue a decretos, ordes ou licencias externos ao propio poeta, ao propio feito da poesía, que ten os seus propios códigos e designios, que ten os seus propios camiños para descer en grávida espiral aos máis profundos lugares da conciencia e ao máis profundo do propio territorio. Todo o demais será ocultar os espectrais baleiros que conleva a nosa propia existencia, querer vestir con roupas ou máis ben disfraces, e cito, *as carnes transparentes do corpo da medusa*; así pois neste poemario, o poeta Manuel Forcadela convídanos a vivir a propia obra humana coa claridade necesaria para camiñar os vieiros da poesía e da vida para o que teremos que atopar a nosa particular lámpada, para que nos poidamos guiar sen que necesitemos escondernos, ocultar o noso corpo de medusa, o noso ser de poeta, o noso rostro máis humano.